

ACTA DE ESTUDO DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA PARA XUSTIFICAR BAIXAS TEMERARIAS E VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULA E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NO NÚCLEO DE CAROUBÁNS (COVAS) DO CONCELLO DE AMES. POS + 2017

Na Casa do Concello de Ames sendo as once horas do día 7 de marzo de dous mil dezaoito reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación do procedemento aberto das obras PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NO NÚCLEO DE CAROUBÁNS (COVAS).

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Vogais:

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, o secretario, a indicacións do presidente da Mesa expón que, na anterior reunión da mesa de contratación de 15 de xaneiro de 2018, diante dos elevados porcentaxes de baixa presentados por algúns dos licitadores e o obxecto de comprobar se existían ofertas económicas en situación de baixa temeraria, en primeiro lugar procedeuse a realizar os cálculos (co programa da Excm. Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, observándose que as proposicións presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL, que ofertou unha baixa do 36,79 % e CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, que ofertou unha baixa do 35,79 % estaban incursas en situación de baixa temeraria.

A vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes naquela reunión **ACORDOU:**

1º.- Dirixir escrito vía fax á CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL e CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, concedéndolle un prazo de 5 días naturais ós efectos de que xustificaran diante da mesa de contratación as baixas ofertadas, acompañando para elo a documentación á que se fai referencia no prego de cláusulas administrativas particulares.

2º.- Que unha vez presentada polas empresas requiridas a documentación xustificativa das baixas remitíraselle ós servizos técnicos do Concello para que emitiran o correspondente informe.

Con data 26 de xaneiro de 2018 remitiuselle escrito de requirimento ás dúas empresas que segundo o programa de cálculo da Deputación Provincial entraban en oferta desproporcionada. Transcorrido o tempo concedido para a xustificación presentaron a documentación as dúas empresas requiridas. Debido ó anteriormente exposto douselle traslado ós servizos técnicos do Concello da documentación presentada polas dúas empresas para xustificar a súa oferta económica.


A arquitecta técnica municipal María Gamundi Fernández, emitiu informe, con data 5 de marzo de 2018, que transcrito



Pz. Do Concello, 1º2, Barbantráns
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org

Tel: 981 883 002
Fax: 981 883 925



literalmente dí:

"INFORME RELATIVO Á DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR DÚAS EMPRESAS RELATIVA Á XUSTIFICACIÓN DA POSIBLE INCIDENCIA DE BAIXA TEMERARIA DAS OFERTAS PRESENTADAS NO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA "PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NO NÚCLEO DE CAROUBÁNS (COVAS) DO CONCELLO DE AMES

ANTECEDENTES:

O Concello de Ames ten convocado procedemento aberto para a execución da obra referencia, cun presuposto de licitación máis IVE de 32.317,95 €. A media das ofertas presentadas polos licitadores ascende á cantidade de 23.332,32 € e a oferta media, excluídas as ofertas extremas, de 22.806,27 €. Unha vez aplicados os criterios establecidos no prego, resulta un límite de oferta temeraria de 21.285,09 € que representa un 34,14% de baixa.

Das ofertas presentadas, as seguintes atópanse no suposto referido no parágrafo anterior:

LEONARDO MIGUÉLEZ SL: 20.750,29 € [35,79% baixa]
PONCIANO NIETO SL: 20.428,14 € [36,79% baixa]

Estas empresas presentan documentación complementaria, que ten por obxecto xustificar a viabilidade da execución da obra axustándose á oferta económica presentada.

INFORME:

LEONARDO MIGUÉLEZ SL:

O licitador basea a viabilidade da oferta presentada nos seguintes argumentos:

- A oferta presentada desvíase do límite resultante que delimita a baixa temeraria en 2,58 puntos, que consideran mínima.
- A práctica totalidade da obra consiste en pavimentación, que está integrada por partidas para as que a empresa posúe medios propios (regos asfálticos, mestura bituminosa en quente), o que implica un abaratamento de custos. Ademais, a empresa conta con instalacións a 70Km da obra e stock coa maior parte dos materiais necesarios para a obra, e ten ampla experiencia na execución de obras similares noutros concellos e organismos.
- Propón aplicar ao proxecto un beneficio industrial do 2% e uns gastos xerais do 6%, segundo os seus estudos anuais de custos.

O estudo presentado completase cun listado de prezos unitarios, de descompostos e un orzamento, acompañado polas cartas de compromiso de REPSOL e CANTERAS DE RICHINOL SL para o subministro de diversos materiais. Tamén achega unha relación de maquinaria e equipos cos que conta a empresa, e que se compromete adscribir á obra.

Avaliación da documentación achegada:

Algunhas das consideracións que a empresa fai son xenéricas (distancia das instalacións da empresa á obra, dispoñibilidade de medios propios, etc), e aínda que poidan ter algunha incidencia favorable para a execución da obra, non se cuantifican.

A aplicación dunha porcentaxe do 6% de gastos xerais á obra non pode ser adoptada por cómputo global da empresa durante un ano, senón que debe ter en conta os custos singulares e específicos da obra.

Os prezos descompostos que a empresa ten elaborado modifican aos do proxecto na asignación de rendementos da man de obra, na valoración de determinados materias en función da oferta recibida dos subministradores, e na aplicación, en cada partida, dun 2% de custos indirectos, en troques do 6% que figura no proxecto.

Destas modificacións plantexadas, a única admisible é a de substituír o prezo de proxecto de diversos materiais polo ofertado polos subministradores. Para o resto, a empresa non achega xustificación, polo que non se consideran aceptables.

Atendendo ao sinalado nos parágrafos anteriores, considérase que o licitador non xustifica adecuadamente a baixa ofertada.

CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL:

A empresa ten presentado unha documentación, que consta dos seguintes apartados:

- Xustificación da oferta
- Programa de traballos
- Volume de obra contratado
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada
- Relación de maquinaria e medios auxiliares propiedade da empresa
- Certificados e información gráfica
- Relación entre solvencia da empresa e a oferta presentada.



O apartado mais relevante é a xustificación da oferta, na que fai unha análise do proxecto, a partir do cal propón un novo orzamento comparativo en base ás seguintes consideracións:

Persoal:

O licitador indica que todo o persoal que tomará parte nos traballos é propio, integrado no cadro de persoal propio da empresa. A estes efectos, calcula o prezo/hora das diferentes categorías profesionais que interveñen na obra a partir dos salarios (achega declaración de nóminas do persoal laboral fixo). O resultado é un prezo/hora lixeiramente superior ao que figura no proxecto.

Materiais:

O licitador indica que posúe canteiras e planta asfáltica propias. En concreto, as gravas, gravillas, áridos asfálticos (fino e grosso) son comercializados polo propio licitador. Para o resto de materiais (cemento PA-250, emulsión ECR-2 e ECL-1 e betún 60/70), achéganse ofertas dos subministradores Prebetong Hormigones (cemento PA-250) e Repsol (betún e emulsións).

Maquinaria:

O licitador expón que conta cun versátil parque de maquinaria e equipos que, na maior parte, atópanse amortizados, e achega un cadro comparativo proxecto-empresa do custo/hora da maquinaria que se emprega na obra. Indica, ademais, que eses prezos son os que o licitador oferta aos seus clientes para aluguer.

A partir destes datos, o licitador elabora o listado de prezos descompostos, utilizando os prezos dos materiais ofertados polos subministradores e da man de obra calculada no apartado correspondente. Estes prezos descompostos son utilizados para a elaboración do orzamento que da lugar á oferta. A porcentaxe de gastos xerais e beneficio industrial que se consideran é do 4,25%.

Avaliación da documentación achegada:

Examinada a documentación presentada, compróbase que, na elaboración dos prezos descompostos, o prezo da maquinaria redúcese considerablemente sen que se achegue ningunha xustificación obxectiva e mensurable que o acredite (como, por exemplo, o listado publicado de prezos de maquinaria en aluguer ao que se refire na documentación).

Os prezos dos materiais subministrados pola propia empresa considéranse desproporcionadamente baixos (algúns prezos están por debaixo do 60% do prezo do proxecto). Tratándose de información subministrada polo propio licitador, este debería telo xustificado con algún listado público de prezos.

A porcentaxe considerada en concepto de gastos xerais e beneficio industrial considérase baixo, e o licitador limitase a establecer esa porcentaxe, sen que achegue análise económico e técnico que o xustifique.

Por todo o anterior, considérase que o licitador non xustifica adecuadamente a baixa ofertada.

CONCLUSIÓN:

Examinada a documentación presentada polas empresas licitadoras para xustificar as ofertas económicas realizadas, **considérase que ningunha delas a xustifica de xeito adecuado, polo que se informan desfavorablemente**"

Á vista do resultado do informe, emitido por María Gamundi Fernández, procede a exclusión, das empresas CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL E CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, do procedemento por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como temeraria.

Tendo en conta que na licitación había empresas vinculadas, no primeiro cálculo económica só se tiveron en conta para calcular as posibles baixas temerarias os prezos máis baixos das empresas que manifestaron a súa vinculación. Debido a elo e para seguir adiante co procedemento de clasificación das ofertas presentadas é necesario introducir na fórmula de cálculo da Deputación Provincial as ofertas das empresas vinculadas, que quedaran fóra do primeiro cálculo por ser a súa oferta máis elevada que a da empresa vinculada elixida.

A continuación procédese a valoración das ofertas presentadas incluíndo as que quedaran fóra do primeiro cálculo por incluír só a máis baixa das empresas que manifestaran a súa vinculación, obténdose o seguinte resultado:

Tipo de licitación con IVE: 32.317,95.- Euros



	EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA CON IVE	% DE BAIXA	BAIXA TEMERARIA
1	EXCAVACIONES POSE SL	29.645,00	8,27	
2	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL	20.750,29	35,79	EXCLUIDA
3	NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU	21.585,15	33,21	
4	CONSTRUCCIONES MANTIDO SL	24.513,17	24,15	
5	OVIGA SL	22.420,01	30,63	
6	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	22.264,00	31,11	
7	SONDEOS PORZUNA SL	21.016,36	34,97	SI
8	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	20.428,18	36,79	EXCLUIDA
9	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL	20.719,04	35,89	SI
10	ASFALGAL TÉCNICA VIARIA SL	23.879,73	26,11	
11	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	22.716,54	29,71	
12	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL	24.277,24	24,88	
13	OBRAS Y VIALES CERNE SL	23.837,00	26,24	
14	AQUABLUE SL	24.428,65	24,41	NON
15	CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	24.219,87	25,06	
16	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	22.784,00	29,50	

De novo, ante os elevados porcentaxes de baixa presentados polos licitadores e ó obxecto de comprobar se existen ofertas económicas que poidan considerarse desproporcionadas ou anormais, despois de realizar (de novo) os cálculos (co programa da Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, obsérvase que as proposicións presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS SL, que ofertou unha baixa do 35,89 %, e SONDEOS PORZUNA SL, que ofertou unha baixa do 34,97 %, están consideradas como desproporcionadas e anormais (**ver cadro de valoración do programa da Deputación adxunto**). Á vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 15.2 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA:**

1º.- Propoñer ó órgano de contratación a exclusión do procedemento de contratación das empresas Construcciones Ponciano Nieto SL e Construcciones Leonardo Miguélez SL.

2º.- Dirixir escrito vía fax ás empresas, cuxa oferta se considera como desproporcionada, concedéndolle un prazo de **5 días naturais** ós efectos de que xustifiquen ante a mesa de contratación a baixa ofertada, acompañando para elo a documentación que estimen necesaria para a devandita xustificación. En todo caso, deberán ter en conta o estipulado no artigo 152.3 do RDL 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da lei de contratos do sector público.

3º.- Que a mesa se reunirá novamente para puntuar as ofertas económicas unha vez que polos servizos técnicos se emita o informe sobre a documentación xustificativa das baixas que presenten os licitadores.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as once horas e trece minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.

PROGRAMA DE VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS EN CONTRATOS E CONCURSOS

Manual de usuario [PDF] | Fórmula [PDF]



Convenio de Investigación da
Deputación da Coruña co
Departamento de Matemática
Aplicada da Universidade de Santiago
de Compostela - Ano 2010

A nova versión do Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluíndo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

Exportar datos

Seleccionar archivo Ningún archivo seleccionado

Recuperar datos

Paso 1

Paso 2

Paso 3

Paso 4

Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

Na seguinte táboa aparecen as valoracións das ofertas. Resáltase en cor verde a(s) oferta(s) mellor valorada(s) e en cor vermella as ofertas temerarias. Para imprimir correctamente os resultados, configure previamente unha páxina horizontal.

Valoración de ofertas económicas no contrato/concurso

PAVIMENTACIÓN DE VIAIS NO NÚCLEO DE CAROUBÁNS (COVAS) DO CONCELLO DE AMES

Prezo de Licitación		Puntuación Máxima	Oferta Media	Oferta Media (excl. ofertas extremas)	Limite Oferta Temeraria				
32,317.95 €		40 puntos	23,092.76 €	22,655.95 €	21,144.80 €				
Nº Empresa	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Paso 2	Puntuación Valoración Económica	Temeraria	Excluídas da Media	Total	
1	EXCAVACIONES POSE SL	29,645.00	8.27	1.00	9.07	Non	Si	10.07	
2	LEONARDO MIGUÉLEZ SL	20,750.29	35.79	1.00	38.95	Si	Non	39.95	
3	NEXIA SL	21,585.15	33.21	1.00	36.23	Non	Non	37.23	
4	MANTIDO SL	24,513.17	24.15	1.00	26.49	Non	Non	27.49	
5	OVIGA SL	22,420.01	30.63	1.00	33.50	Non	Non	34.50	
6	MARTÍNEZ MONTES E HIJOS SL	22,264.00	31.11	1.00	34.01	Non	Non	35.01	
7	SONDEOS PORZUNA SL	21,016.36	34.97	1.00	38.08	Si	Non	39.08	
8	PONCIANO NIETO SL	20,428.18	36.79	1.00	40.00	Si	Non	41.00	
9	J. MAURI E HIJOS SL	20,719.04	35.89	1.00	39.05	Si	Non	40.05	
10	ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL	23,879.73	26.11	1.00	28.64	Non	Non	29.64	
11	FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL	22,716.54	29.71	1.00	32.54	Non	Non	33.54	
12	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA	24,277.24	24.88	1.00	27.29	Non	Non	28.29	
13	OBRAS Y VIALES CERNE SL	23,837.00	26.24	1.00	28.78	Non	Non	29.78	
14	AQUABLUE SL	24,428.65	24.41	1.00	26.78	Non	Non	27.78	
15	D. OGANDO SL	24,219.87	25.06	1.00	27.49	Non	Non	28.49	
16	CANARGA SL	22,784.00	29.50	1.00	32.32	Non	Non	33.32	

Imprimir

